



## PROBAS DE CERTIFICACIÓN FRANCÉS SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA I [correspondente a 1º de bacharelato]

Normativa:

*RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Artigo 21. Elección no segundo curso de materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso

1. O alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro.

Esta acreditación poderase realizar:

a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.

b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliados, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

Cando, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir á clase da materia de primeiro, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentas e o departamento didáctico que a imparte proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.



## CONTIDO DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE FRANCÉS SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA I

### Funcións comunicativas [ para a realización da comprensión e expresión escrita]

- Fórmulas para redactar unha carta formal.
- Expresión da opinión.
- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.
- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.
- Aspectos lexicais:
- Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais. Bens e servizos básicos.
- Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.
- Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.

### Aspectos gramaticais:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición (*alors que, au lieu de + Inf, bien que, par contre, malgré, pourtant, tout de même*); causa (*puisque*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*plus...plus, moins...moins, plus...moins, moins...plus*); consecuencia (*de telle manière que, de façon à ce que*); condición (*si, même si + Indic.*); estilo indirecto.



- Interrogación (*lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel*).
- Expresión do tempo: presente; pasado; futuro.
- Expresión da posibilidade/probabilidade (*c'est (presque) certain*); necesidade; obriga/prohibición (*défense de, défendu de+ Inf.*); permiso (*permettre de faire qqch. à qq un, donner la permission à qq'un de faire qqch*); intención/deseño (*penser/espérer + Inf.*); factitivo o causal con el verbo *faire* (ex: *Pierre a fait tomber son livre/s'est fait couper les cheveux*); condicional (*conditionnel présent*) ; cortesía.
- *Os artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y"; proposicións adxectivais); a cualidade; a posesión.*
- *Expresión da cantidade (fraccións, decimais, porcentaxes; artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.*
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: puntual (*dans deux jours*); divisións (*dans les années, quinzaine*); indicacións de tempo (*au début, à la fin, en début de semaine*); duración (*matinée, journée, soirée*); anterioridade (*jusqu'à ce que*); posterioridade (*dès que, depuis (le temps) que*); secuenciación (*premièrement, deuxièmement*); simultaneidade (*lorsque, lors de + nom*); frecuencia (*tous/ toutes les..., généralement, quelquefois, rarement, presque jamais*).
- Expresión do modo (*de cette manière, de cette façon là*).
- Expresión da negación cos distintos tempos verbais: presente, passé composé, imperativo, pasado reciente, futuro próximo....(ne....pas, ne .....encore, ne.....plus, ...)

- Proposta de posibles temas para a expresión escrita:

- O uso da tecnoloxía: as redes sociais, as vantaxes e inconvenientes, os perigos, os cambios asociados à tecnoloxía.
- A alimentación: os hábitos saudables, os diferentes tipos de alimentación (veganos, ...).
- A ecoloxía: o quentamento global, a contaminación, os hábitos ecolóxicos, a reciclaxe.



## MODELO DA PROBA DE CERTIFICACIÓN

A certificación consistirá nunha proba correspondente ao nivel B1 do MCER e constará de 4 partes:

1. Comprensión oral. 3 exercicios (anuncios, programas de radio, conversacións...). Duración: 25 minutos. (25 puntos).
2. Comprensión escrita. 3 exercicios (documentos para orientarse, informarse, seguir instrucións...). Duración 45 minutos. (25 puntos).
3. Produción escrita. 1 exercicio (un artigo ou unha carta, 180 palabras). Duración 45 minutos. (25 puntos).
4. Produción oral. 3 exercicios (entretien dirigé, interaction, expression d'un point de vue). Duración 15 minutos, preparación 10 minutos. (25 puntos).

A nota será sobre 100 e non poderá haber ningunha das partes cunha puntuación menor de 5.

No seguinte enlace pódese consultar un exemplo de proba explicado con detalle:

<https://www.francepodcasts.com/2020/11/20/delf-b1-scolaire-et-junior-sujet-1/>